

# RÍO MIÑO

(Adela Leiro, Mon Daporta)



# RÍO MIÑO

O Miño é o maior e máis importante río galego. Atravesa o seu territorio de nordeste a suroeste recollendo auga das principais serras.

É un río que compartimos con Castela León (Sil) e con Portugal.

<b>NACEMENTO E FONTES</b>	Pedregal de Irimia (Serra de Meira). Forman tamén a súa cabeceira os Regos Porto da Pena e Xirómeno. Máis adiante acrecenta o seu caudal coas augas da Lagoa de Fonmiñá.
<b>LONXITUDE</b>	307,5 km Co Sil: 20 km máis
<b>PERCORRIDO: PAÍSES</b>	España (Galicia e Castela León) Portugal
<b>PERCORRIDO LINEAL</b>	Meira-Rábade-Lugo-Ourense-As Neves-Arbo-Salvaterra-Tui-A Guarda
<b>DESEMBOCADURA</b>	Entre A Guarda (ao pé do Monte Sta Tegra) e Caminha (Océano Atlántico)
<b>CUNCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	<b>SUPERFICIE DA CUNCA</b> : 17,026 km <sup>2</sup> <b>LINEDES:</b> NORTE: Serra da Carba, O Xistral, Meira, Cordilleira Cantábrica. SUR: Serra da Cabreira, Trevinca, Segundeira, Canizo, San Mamede, Laboreiro, Peneda e Arga. OESTE: Serra Loba, Cova da Serpe, Corno do Boi, Ligonde, Vacaloura, Faro, Testeiro, Suído, Aloia, Groba. LESTE: Serras de Meira, Mirador, Puñago, Albela, Rañadoiro, Pena Orniz, Picos Albos, Pena Negra.
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	<p>Madanela, Anllo, Támoga, Ladra, Narla, Ferreira, Asma, Búbal, Barbantiño, Avia, Cerves, Ribadil, Deva, Termes, Tea, Caselas, Louro, Furnia, Cereixo, Tamuxe.</p> <p><b>ANLLO</b> Nace na serra do Xistral, preto de Labrada. Pasa por terras dos concellos de Abadín, Cospeito e Castro de Rei, onde se xunta ao Miño. Cando entra no concello de Cospeito divídese en dous brazos, un que, co nome de río Guisande, vai á lagoa de Cospeito e segue ata desembocar no Támoga, e outro que segue cara ao Miño.</p> <p><b>TÁMOGA</b> Baixa do monte Monseibán, na Serra do Xistral. Fórmalo tres brazos: o Santaballa, O Arnela e o Ribeira. Pasa polos concellos de Abadín, Vilalba, Cospeito e Begonte e desemboca no Miño nas proximidades de Cela, facendo de linde entre os concellos de Outeiro de Rei e Cospeito. Drena a lagoa de Cospeito.</p> <p><b>LADRA</b> Fórmase pola confluencia dos ríos Trimaz e Madalena que nacen na Serra da Carba. Pasa por terras de Vilalba, Begonte e Outeiro de Rei. Os principais afluentes son o Parga e o Labrada. Desemboca no Miño en Santa Sabela (Outeiro de Rei).</p> <p><b>NARLA</b> Recolle as augas dos montes do Corno de Boi e do Cordal de Ousá. Percorre 24 km en terreos de Friol e Outeiro de Rei e xúntase co Miño en Ombreiro.</p> <p><b>FERREIRA</b> Nace en Sucastro (Augas Santas-Palas de Rei). Percorre terras dos concellos de Palas de Rei, Guntín e Portomarín.</p> <p><b>ASMA</b> Nace na vertente luguesa da serra do Faro e desemboca no canón do Miño, en Chantada.</p> <p><b>BÚBAL</b> Baixa da serra da Martiñá. Percorre terreos de Carballedo e bótase no Miño nos Peares, facendo límite coa Peroxa, despois de escavar un canón entre penedos graníticos.</p> <p><b>BARBANTIÑO</b> Nace en Orbán (Vilamarín-Ourense). Percorre terreos dos concellos de Vilamarín, Cea, Amoeiro e Ourense, e xúntase co Miño en Barbantes.</p> <p><b>AVIA</b> Nace en Fonte Avia (Serra do Suído-Avión). Percorre os concellos de Avión, Beade, Boborás, O Carballiño, Cenlle, Leiro e Ribadavia. Nesta vila únese ao Miño.</p> <p><b>CERVES</b> Nace no Faro de Avión e percorre terras do concello de Melón salvando un gran desnivel ata</p>

	<p>se botar no Miño.</p> <p><b>DEVA</b> Baixa desde a serra do Faro de Aviión ao Miño e discorre entre este e os montes de Covelo e A Paradanta en terras de A Caniza e Arbo.</p> <p><b>TEA</b> Nace no monte Mancelo (Fraga-Covelo) e, despois de 50 km desemboca no Miño en Salvaterra de Miño.</p> <p><b>LOURO</b> Baixa desde o monte de A Serra, en Pazos de Borbén e xúntase co Miño en Tui. No seu curso baixo atravesa as gándaras de Budiño, unha zona húmida de gran interese ecolóxico.</p> <p><b>TAMUXE (Carballo)</b> Nace en San Pedro de Burgueira (Oia) e despois de percorrer 14 km en terras de Oia e O Rosal desemboca en Tabagón.</p>
<p><b>AFLUENTES ESQUERDA</b></p>	<p>Azúmara , Lea, Chamoso, Neira , Loio, Sardiñeira , Sil, Loña, Barbaña, Arnoia, Deva, Barxas, Mouro, Gadanha, Coura.</p> <p><b>AZÚMARA</b> Nace na serra do Mirador, nas proximidades de Castro (Pol) e desemboca no Miño na parroquia de Ouxe (Bazar). Ten unha lonxitude de 25 km.</p> <p><b>LEA</b> Ven do monte de Fitoiro nas proximidades de Laga (Suego-Pol). Percorre terras nos concellos de Pol e Castro de Rei e verte no Miño en Beloi.</p> <p><b>NEIRA</b> Nace nas proximidades de Fontaneira (Baleira). Ten un percorrido de 56 km e desemboca no Miño entre os concellos O Páramo e O Corgo.</p> <p><b>LOIO</b> Nace na serra do Páramo e xúntase co miño no encoro de Belesar, en Paradela.</p> <p><b>SIL</b> É o principal afluente do Miño, o máis longo (228 km) e o máis caudaloso. Nace na Cordilleira Cantábrica, ao pé de Peña Orniz, a 1.980 metros de altitude, na comarca da Laciana (León) e xúntase co Miño nos Peares, facendo linde entre as provincias de Lugo e Ourense.</p> <p><b>LOÑA</b> Nace no monte da Moura (Nogueira de Ramuín) e desemboca no Miño en Velle.</p> <p><b>BARBAÑA</b> Baixa desde as proximidades de Nevoeiro (Figueroa-Paderne de Allariz) e, despois de 25 km de percorrido, bótase no Miño en Ourense.</p> <p><b>ARNOIA</b> Nace na serra de San Mamede e desemboca no Miño en Quinzeiros (Arnoia). Ten un percorrido de 87 km e é a cunca máis ampla da provincia de Ourense.</p> <p><b>DEVA</b> Nace na Serra do Labreiro e xúntase co Miño facendo linde entre os concellos de Cortegada e Pontedeva.</p> <p><b>BARXAS</b> Nace na serra do Labreiro e durante case todo o seu percorrido fai fronteira entre Ourense (Padrenda) e Portugal ata botarse no Miño en Pontebaxas.</p> <p><b>MOURO:</b> Nace na serra da Peneda e desemboca no Miño en Pontedemouro. Mide 30 km de lonxitude.</p> <p><b>GADANHA:</b> Xúntase co Miño en Troporiz (Monçao).</p> <p><b>COURA:</b> Nace na serra da Boalhosa e, despois dun percorrido de 50 km desemboca en Caminha.</p>

<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	<p>Na cunca do Miño atopamos terras chairas, canóns e fervenzas (sobre todo nos numerosos afluentes). A primeira parte do curso discorre pola Terra Cha e a partir de Lugo encáixase en diferentes tramos. As rochas son moi variadas. Na primeira parte do curso xistos, lousas, cuarcitas... e no resto granitos.</p> <p>CANÓNS: Miño (Belesar-Os Peares, As Neves), Sil, Navea, Edo, Mao, Xares, Bibei, Bubal...      FERVENZAS: Augas Caídas (rego de Marce), Búbal, Erbedeiro, Canón Mao, Casteligo, Xares, Cenza, Arcos, San Lázaro, Río Cerves, Barbantiño...      LAGOAS: Fonmiñá, Cospeito, Caque, Riocaldo e Pedroso, O Olló, Denune, Santa Cristina, Seixas, Fabás, Codesido, Caldelas de Tui...      SURXENCIAS TERMAIS: Lugo, Ourense, Caldelas de Tui (Miño), Baños de Molgas (Arnoia), Prexigueiro (Río Cerves)...      ESTEIRO do Miño, frechas de Camposancos e Caminha, praias de Camposancos (Lamiña, O Muíño).      ILLAS: Cela, Seivane, Rábade, Boeira, Fillaboa, Canosa...</p>
<b>CLIMA</b>	Atlántico, máis húmido no curso alto e máis seco e cálido nos cursos medio e baixo.
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvial, con augas altas en inverno e estiaxe durante o verán aínda que pouco acusado.
<b>CAUDAL</b>	419,9 m <sup>3</sup> /s CAUDAL RELATIVO: 24,6 l/s/km <sup>2</sup>
<b>FLORA</b>	<p>En xeral consérvanse bosques de ribeira en todo o percorrido e vexetación palustre nas áreas de inundación, brañas e lameiros. Salgueiros, amieiras, freixos, eneas, espadanas, ambroíño enano, espigas de auga, oucas, xuncos, fentos...</p> <p>Nos esteiros e marismas hai grandes superficies cubertas de carrizos, antelas, canabazas, e xuncos. Ademais podemos atopar eleocaris, platanaria, verdoaga marítima, herba coral, estrela das xunqueiras, sosa... Nas praias da marxe portuguesa hai unha poboación de camariña.</p> <p>Os areas e as dunas da desembocadura están poboados por feo, xunco marítimo, arenaria, leiteira, alhelí mariño, honquenia, carrasca de San Xoan, colexas, herba de namorar, grama mariña, cardo mariño, rabo de lebre... e as dunas fixadas por bosques de piñeiros.</p>
<b>FAUNA</b>	<p>Ao longo do seu percorrido o río Miño acolle ecosistemas nos que se desenvolve unha fauna específica adaptada aos distintos ambientes: augas correntes ou remansadas, ribeiras, esteiros: mamíferos (lontra, aguaneiro...), aves (lavanco, garza, galiña de auga, galiñola negra, mergullón, gaviota, picapeixes, merlo rieiro, limícolas ...), réptiles (cobra de auga), anfibios (saramaganta, ras, pintafontes, estroza...), peixes (lamprea, troita, espiñento, anguía, escalo, boga de río...), moluscos (mexillón de río, caracolas de río, lapa de río...), insectos (cabalos do demo, libeliñas, chinches de auga, escorpións de auga, ditiscos, efímeras, mosquitos, moscas de río...) e outros invertebrados.</p>
<b>APROVEITAMENTO</b>	<p>Desde tempos antigos foi aproveitado para navegar en pequenos tramos, para a pesca e, sobre todo, para mover distintos aparellos hidráulicos: muíños, mazos, batáns... Na actualidade está explotado en numerosos encoros para producir enerxía eléctrica. Nas súas beiras cultívanse excelentes viños e abrollan fontes termiais que se aproveitan en baños tradicionais e modernos balnearios.</p> <p>As correntes do Miño e dos seus afluentes (en especial o Sil) están amplamente explotadas para xerar enerxía eléctrica en numerosas centrais e minicentrais. No Miño hai cinco centrais hidroeléctricas de potencia superior a 10 MW: Belesar, Os Peares, Velle, Castrelo e Frieira.</p> <p><b>Belesar:</b> inaugurada en 1963, a máis grande do Miño, con capacidade de 654,5 hm<sup>3</sup>, ocupa unha superficie de 2.000 hectáreas (concellos de Taboada, Chantada, O Saviñao, Guntín Paradela, O Páramo e Portomarín), cunha cola de 50 km e unha presa de 129 m de altura. Baixo as súas augas desapareceron Castro Candaz, Portomarín, Mourulle, Pincelo, Aberledo, Portomeñe...</p> <p><b>Os Peares.</b> Comezouse a construír en 1947 e inaugurouse en 1955. Ocupa unha superficie de 535 ha. A presa está situada entre Carballedo e Pantón. Volume de encoro 182 hm<sup>3</sup>, altura da presa 94 m.</p> <p><b>Velle:</b> en Ourense, ocupa 1.238 ha, cunha capacidade de 17 hm<sup>3</sup> e unha presa de 17 m de altura. Inaugurada en 1966.</p>

	<p><b>Castrelo de Miño:</b> inaugurada en 1969. O encoro ocupa 1.303 ha, ten unha capacidade de 60 hm<sup>3</sup> e unha presa de 29 m de altura. A presa está situada entre os concellos de Castrelo do Miño e Ribadavia.</p> <p><b>Frieira:</b> entre os concellos de Padrenda e Crecente. Rematada en 1970. O encoro ocupa 1.517 ha. Ten unha capacidade de 44 hm<sup>3</sup> e unha presa de 33 m de altura</p> <p><b>PESCA</b></p> <p>A pesca no Miño foi unha actividade moi importante para a que se construíron grandes estruturas como caneiros e pescos que se complementaban con aparellos. Na actualidade faise pesca deportiva en todo o río e pesca profesional no curso baixo, ata o encoro das Frieiras, onde se capturan principalmente lampreas e angulas.</p> <p>Os <b>caneiros</b> son construcións para desviar a auga e obrigar aos peixes a saír polo lugar onde se arman as redes. Algúns completábanse con casetos nos que se depositaba a pesca e se refuxiaban os pescadores.</p> <p>As <b>pesqueiras</b> ou <b>pescos</b> son construcións que se fan nas beiras do río no sentido perpendicular ou oblicuo á corrente para obrigar aos peixes a pasar por unhas canles estreitas onde se arman os aparellos con que se capturan. Está formado por uns muros de cantería entre os que queda un corredor dunha anchura variable (menos de 1 m) polo que circula a auga onde se coloca o boitirón. No Miño consérvanse desde Crecente a Salvaterra, onde se empregan para capturar lampreas.</p>
<p><b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b></p>	<p>Unha boa parte da cunca do Miño e os seus afluentes está protexido.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<b>RESERVAS DA BISOFERA:</b> Terras do Miño e Terras de Allariz.</li> <li>-<b>PARQUES NACIONAIS:</b> Invernadoiro, Enciña da Lastra, Serra da Peneda-Gerès.</li> <li>-<b>LICS:</b> Serra do Xistral, Parga-Ladra-Támoga, Miño-Neira, Canóns do Sil, O Courel, Monte Faro, Pena Veidosa, Baixo Miño, Careón, Río Cabe, Pena Trevinca, Macizo Central, Bidueiral de Montederramo, Río Navea, Río Tea, Gándaras de Budiño (Galicia); Alto Sil, Ribeiras do Sil e afluentes, Enciña da Lastra e Ancares (Castela-León)</li> <li>-<b>ZEPA:</b> Enciña da Lastra, Esteiros do Miño e Coura.</li> </ul>
<p><b>DATOS HISTÓRICOS</b></p>	<p>O Miño e algúns dos seus afluentes (Sil) foron amplamente explotados polos romanos para extraer ouro. Quedan restos das explotacións en Montefurado, Ribas de Sil, Caldesiños e As Médulas.</p> <p>Ao longo do Miño consérvase un importante patrimonio histórico e etnográfico: igrexas e mosteiros (en especial na Ribeira Sacra), pontes, muíños, caneiros, mazos, pescos...</p>
<p><b>TRADICIÓNS-LENDAS</b></p>	<p>Desde tempos moi antigos a tradición popular sitúa no Miño diferentes seres míticos relacionados cos ríos: homes e mulleres peixe, lavandeiras, feiticeiras, encantos, xacios e xacias.</p> <p>San Martiño de Braga (século VI) na súa obra "<i>De correctione rusticorum</i>" dinos: "<i>Numerosos son os demos que, expulsados dos ceos, presiden o mar, os ríos, as fontes e os bosques, aos que os homes ignorantes do Deus verdadeiro lles fan sacrificios, no mar adoran a Neptuno, nos ríos as Lamias, nas fontes as Ninfas...</i>"</p> <p><b>O RITO DA INMERSIÓN</b></p> <p>En Galiza nas épocas de seca o pobo adoita pedir chuvia por medio de oracións, procesións e rogativas a certos santos "hidróforos" considerados "portadores de auga". Mais en algúns lugares acostúmase a meter o santo no río ou simúlase facelo. Tal como ocorre no río Deva, afluente do Miño.</p> <p><b>O MIÑO E O SIL</b></p> <p>(Sacada do libro O país dos mil ríos. Cultura fluvial en Galicia. de Xosé Lois Ripalda).</p> <p>"... O deus Xúpiter desexando facer unha viaxe seguiu coa vista os movementos da terra co gallo de escoller un lugar onde pasar unha tempada, pois a vida no Olimpo a forza de ser repetitiva chega a cansar. Unha vez que o deus fixo a súa elección, e como a viaxe non iba ser de contado, fíxolle unha marca de arriba a abaixo na terra para non esquecerse; tal marca resultou ser o río Miño. Entón a Xuno, muller de Xúpiter, entráronlle ciúmes por non contar</p>

	<p>con ela para tal viaxe, ademais de sospeitar que podría tratarse dunha aventura amorosa das que tanto gustaba o deus. Daquela, a muller de Xúpiter fixo unha fenda aínda máis fonda que a do seu home, formando así o canón do río Sil. Xúpiter, moi enoxado polo comportamento da súa muller, obrigouna a vivir no fondo do canón. Pasado un tempo, o deus amerceouse de Xuno e retiroulle o castigo e, como símbolo do seu amor, permitiu que o río Sil e o Miño se xuntasen..."</p> <p><b>OS SETE SANTOS DO RÍO MIÑO</b> (recollida por Eliseo Alonso)  ...Cóntase que un día recorrían estas terras do Baixo Miño os sete santos irmáns, San Felipe, San Pedro ad Vincula (San Fins de Arbo), San Marcos, San Mamede e San Telmo. Este último, San Telmo, afoga o bañarse no río Miño. Co fin de ver pasar o cadáver entre a corrente do río e poder así rescatalo, suben todos as máis altas montañas do lugar, menos San Marcos, que queda so nun pequeno alto, moi preto da Estación de Arbo, co fin de velo pasar antes e recollelo; pero o cansanzo fai que se quede dormido e mentras tanto pasa o corpo de San Telmo que soio aboia cando o río se remansa nas Veigas do río Louro, na desembocadura deste río. Na calma das augas vese como do afogado sae un halo luminoso que fai que o vexan os outros santos, que así baixan das montañas, quítano da auga e danlle sepultura en Tui, ademais convérteno no patrono da cidade.</p> <p><b>PEDREGAL DE IRIMIA</b>  É unha acumulación de rochas na ladeira da serra de Meira, onde nace unha das cabeceiras do río Miño. Hai moitas lendas que tentan explicar a orixe daquelas pedras:  -Unha vella que estaba sempre a rifar co seu home e un día díxolle que botase a correr sen mirar atrás. O home virou a cabeza e a vella, dicindo unhas palabras, fixo que uns paxaros enormes comezaran a guindarlle pedras enriba.  -Uns demos que tentaron derrubar un antigo cenobio dos frades cistercienses. Os frades comezaron a rezar e os demos recuaron e abandonaron as pedras.  -Unha meiga chamada Irimia que xuntou pedras para defenderse dos frades do convento e caíronlle no monte. Outra versión di que os frades tentaron apropiarse das terras da meiga onde había mananciais e ela cubriunos de pedras.  -Pecadores petrificados que agardan ser purificados polas augas daquelas fontes.</p> <p><b>POZOS "PIAGOS"</b>  Ao longo do curso do Miño hai numerosos lugares profundos coñecidos como pozo "piagos" ou pozo de inferno, bocas do inferno, que o demo usa de trampas para facer caer nela á xente.  <b>LAGOA DE FONMIÑÁ:</b> Crese que no pozo de Fonmiñá enterráronse uns boi co carro e co carreteiro e nunca máis se soubo deles.</p>
<b>CURIOSIDADES</b>	É o río máis longo e caudaloso (xunto co Sil) de Galiza
<b>PROBLEMAS</b>	Contaminación Encoros Especies invasoras Sobrepesca

NACEMENTO: Pedregal de Irimia (Serra de Meira)



DESEMBOCADURA: OCÉANO ATLÁNTICO

# RÍO SIL





<b>RÍO SIL</b>	
<b>NACEMENTO E FONTES</b>	Na Cordilleira Cantábrica, ao pé de Peña Orniz, a 1.980 metros de altitude, na comarca da Lacia (León).
<b>LONXITUDE</b>	228 km (123 km en Galiza)
<b>PERCORRIDO:</b>	Galiza (Ourense e Lugo) e Castela León (León)  Concellos en Galiza: Rubiá, Carballeda de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, Vilamartín, A Rúa, Petín, Larouco, Ribas de Sil, Quiroga, Castro Caldelas, Monforte de Lemos, A Teixeira, Parada de Sil, Sober, Pantón e Nogueira de Ramuín.
<b>DESEMBOCADURA</b>	Rio Miño (Os Peares)
<b>CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	SUPERFICIE DA CONCA: 8.020 km <sup>2</sup> (4.000 km <sup>2</sup> en Galiza)  NORTE: Cordilleira Cantábrica, Serra dos Ancares, Oribio e das Penas. SUR: Serras Cabreira, Segundeira, Canizo, San Mamede e Monte Meda LESTE: Montes de León e Teleno
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	Caboalles (Orallo), Cúa (Burbia), Selmo, Éntoma, Mariñán, S.Xulián, Leira, Pincheira, Soldón (Vilarmel), Quiroga (Ferreiriño), Lor (Pequeno, Lóuzara), Cabe (Antiga, Saa, Mao, Cinsa, Sante, Ferreira). <b>CABOALLES</b> Nace ao pé do Pico das Barrosas e xúntase co Sil no encoro das Rozas. <b>CÚA:</b> Nace no Campo de la Pesca, perto do porto de Cienfuegos, a 1.565 m de altitude e xúntase co Sil en Toral de los Vados despois dun percorrido de 62 km. O conxunto da súa conca cobre unha área de 677 Km <sup>2</sup> . Os seus principais afluentes son os regos de Ancares e Burbia. <b>SELMO</b> Nace no monte Formigueiros (O Courel), a 1.500 m de altitude e, despois de 44 km de percorrido, desemboca no Sil na proximidades de La Barosa. Ten un curso encaixado e con moitos desniveis no que abundan as fervezas. <b>GALIR</b> ou de <b>ÉNTOMA</b> Recolle as augas de Enciña da Lastra e lévaas ao Sil. É un río de gran interese ecolóxico por ser un dos poucos nos que vive o cangrexo de río autóctono. <b>SOLDÓN</b> Nace en A Seara (Serra do Courel). Percorre terras dos concellos do Courel e Quiroga e desemboca no Sil en Paradaseca. <b>QUIROGA</b> Fórmase coa confluencia dos regatos Pacios e Vilardebacín en Bustelo de Fisteus (Quiroga). Percorre terras do concello de Quiroga e desemboca no Sil preto da capital municipal. <b>LOR</b> Nace nos montes do Cebreiro e ten como cabeceiras os regatos Fontor, Fonte Grande e Brañuelas. Ten un percorrido de 50 km por terreos do Courel e desemboca no Sil en Augasmestas (Castro) entre Quiroga e Pobra do Brollón. Os afluentes máis importantes pola dereita son o Parada, Folgoso e Vilamor e pola esquerda o Loureiro e o Lóuzara. <b>CABE</b> Nace no Incio, na aldea de Fontes. Percorre terreos dos concellos de O Incio, A Pobra do Brollón e Monforte de Lemos. Encáixase nun canón rochoso antes de desembocar no Sil.
<b>AFLUENTES ESQUERDA</b>	Valseco, Boeza (Tremor, Noceda), Cabrera, Casoio, Balado, Candís, Bibei (Camba, Conso, Xares, San Lázaro, Navea), Edo, Mao. <b>VALSECO</b> Nace preto do Tombarón e xúntase co Sil augas abaixo de Las Ondinas. <b>BOEZA</b> Nace na Campa de Fasgar (Igueña) e xúntase co Sil en Ponferrada. O seu principal afluente é o Tremor.

	<p><b>CABRERA</b> Nace nas abas leste do macizo de Trevinca, ao pé do Picón (2.090 m), atravesando o lago glaciario da Baña. Xúntase ao Sil en Ponte de Domingo Flórez, logo de 69 Km de percorrido.</p> <p><b>CASAIO</b> Fórmase coa confluencia dos ríos Valborrás e Riodolas, a 1.440 m. de altitude, nas estribacións da serra do Eixe. Despois de 19,5 km xúntase co Sil en Sobradelo de Valdeorras.</p> <p><b>BIBEI</b> Nace na vertente zamorana de Pena Trevinca a 1.900 m de altura. Desemboca no Sil nas proximidades de Montefurado. Os seus principais afluentes pola esquerda son o Camba, Conso, San Miguel, San Lázaro e Navea; e pola dereita o Xares.</p> <p><b>EDO</b> Nace na Serra do Burgo e ten un percorrido curto polo concello de Castro Caldelas ata xuntarse co Sil na zona dos canóns.</p> <p><b>MAO ou MAU</b> Recolle as augas da vertente norte de San Mamede e da oeste da Serra do Burgo, percorre a penichaira de Montederramo e desde alí cae ao Sil formando un cavorco con rápidos e fervenzas.</p>
<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	<p>A cunca do Sil é unha sucesión de vales encaixados entre os que aparecen algunhas depresións tectónicas (Valdeorras, O Bolo, Quiroga, Lemos). As rochas son moi variadas: sedimentarias no curso alto e medio (calcarias, carbóns, arxilas, arenitas...), pedra de gran, xistos e lousas nos cursos medio e baixo.</p> <p>Canóns: Covas, Torbeo-Os Peares</p> <p>Pregues: Canon das Pombas, Rairos</p> <p>Formacións calcárias: Enciña da Lastra, val de La Cueta</p> <p>Fervenzas: son comúns nos afluentes que baixan grandes desniveis desde as serras da cunca. As rañas son formacións sedimentarias compostas por cantos de cuarcita sobre unha matriz de arxila. Son frecuentes nas beiras do Sil nas depresións.</p>
<b>CLIMA</b>	Atlántico no curso alto e mediterráneo no medio e baixo
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvio-nival Augas altas no inverno e primavera e secas no verán
<b>CAUDAL</b>	CAUDAL: 184 m <sup>3</sup> /s
<b>FLORA</b>	<p>Ao longo do curso do río consérvanse liñas de vexetación con salgueiros, amieiras, freixos, eneas, espadanas, espigas de auga, oucas, xuncos, fentos, herba salgueira ...</p> <p>Nas beiras aparecen especies mediterráneas e atlánticas, con mestura de especies naturais (aciñeiras, rebolos, escornacabras, cantroxos, estevas...) e cultivadas (viñas, oliveiras, lamagueiros...).</p>
<b>FAUNA</b>	<p><b>MAMÍFEROS:</b> lontra, aguaneiros</p> <p><b>AVES:</b> lavancos, garzas, galiñas de auga, galiñolas negras, mergullón pequeno e grande...</p> <p><b>RÉPTILES:</b> sapoconcho, cobra de auga</p> <p><b>ANFIBIOS:</b> saramaganta galega, ra verde, ra patilonga, ra vermella, pintafontes, estroza, salamántica...</p> <p><b>PEIXES:</b> carpa, troita, espiñento, anguía, escalo, boga de río...</p> <p><b>MOLUSCOS:</b> caracois de río, lapa de río</p> <p><b>INSECTOS:</b> cabalos do demo, libeliñas, chinches de auga, escorpións de auga, ditiscos, efímeras, mosquitos...</p>
<b>APROVEITAMENTO</b>	<p>Subministro de auga para as poboacións, a industria e a agricultura.</p> <p>Pesca deportiva</p> <p>Navegación turística</p> <p>Deportes</p> <p><b>APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Villaseca (León)</li> <li>-As Rozas (28 hm<sup>3</sup>), en Villablino (León)</li> <li>-As Ondinas (León)</li> <li>-Peñadrada, en Matarrosa do Sil (León)</li> <li>-Bárcena (341 hm<sup>3</sup>), en Ponferrada (León)</li> <li>-Fuente del Azufre (León)</li> </ul>

	<p>-Penarrubia (13 hm<sup>3</sup>), en Rubiá (Ourense).          -Pumares en Carballeda de Valdeorras (Ourense)          -Santiago (2 hm<sup>3</sup>), en Vilamartín de Valdeorras (Ourense)          -San Martiño (10 hm<sup>3</sup>), en Quiroga (Lugo).          -Sequeiros (11 hm<sup>3</sup>), entre Quiroga e Ribas de Sil (Lugo).          -Santo Estevo, (213 hm<sup>3</sup>), en Nogueira de Ramuín (Ourense).          -San Pedro ou Pombeiro (6 hm<sup>3</sup>), entre Nogueira de Ramuín (Ourense) e Pantón (Lugo).          E numerosas centrais e minicentrais nos afluentes. Ademais existen proxectos de ampliación e construción de novas centrais no Canón do Sil (Santo Estevo II, Santa Cristina...)</p>
<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	<p><b>-PARQUES NATURAIS:</b> Enciña da Lastra  <b>-LICIS:</b> Canóns do Sil, O Courel, Río Cabe, Pena Trevinca, Macizo Central, Bidueiral de Montederramo, Río Navea, Ancares, Valle de Laciana  <b>-ZEPA:</b> Enciña da Lastra, Valle de Laciana  <b>-RESERVA DA BIOSFERA:</b> Valle de Laciana, Os Ancares, Babia  <b>-RESERVA FLUVIAL:</b> Río Burbia  <b>-PATRIMONIO DA HUMANIDADE e PARQUE CULTURAL:</b> As Médulas</p>
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	<p>Na cunca do Sil houbo abundantes xacementos de <b>ouro</b> que eran coñecidos desde o tempo do fenicios e foron explotados, e practicamente esgotados, polos romanos. Explotaban xacementos aluviais mediante o lavado e bateo de sedimentos, xacementos filonianos con excavacións a ceo aberto ou galerías (O Courel) e as terrazas aluviais polo método de “ruína montium” (As Médulas, Viana do Bolo, Montefurado...). Para realizar estas extraccións facían grandes obras e movían enormes cantidades de terra.</p> <p>Para extraer ouro das Médulas (Carucedo-León) facíase unha captación de auga do río Cabo (afluente do Cabrera) e por medio dun sistema de canles levábase a uns estanques, desde onde se inxectaba por túneis para derrubar o terreo e aproveitar o ouro.</p> <p>No río Sil, en Montefurado os romanos desviaron o curso do río excavando un burato na rocha do monte para aproveitar ouro dos sedimentos do leito.</p> <p>No leito do río Sil as aureanas da comarca de Valdeorras seguiron a realizar o lavado das areas ata a metade do século XX.</p> <p>A extracción do ouro dos placeres dos ríos facíase polo sistema do bateo para o que se utilizaban cuncos de madeira. Para aproveitar as partículas máis finas de ouro facíase o azogue, mesturando o material recollido con mercurio. A amalgama (ouro e mercurio) quentábase para que o mercurio se evaporase e deixase libre o ouro.</p> <p><b>AUREANA DO SIL</b>          (Ramón Cabanillas)  <i>As areas de ouro aureana do Sil          son as bagoas acedas que me fas chorar ti          Si queres ouro fino aureana do Sil          abre o meu corazon tés de atopalo alí.</i></p> <p><i>Co que collas no rio aureana do Sil          mercarás cando moito un amor infeliz          Para dar c'un cariño verdadeiro has de vir          enxoiar os meus ollos aureana do Sil.</i></p> <p><b>PATRIMONIO</b>          Toda a cunca do Sil acolle un importante patrimonio etnográfico e histórico-artístico: pontes muíños, asentamentos, igrexas, mosteiros, restos de explotacións mineiras romanas... O que fai de toda a zona un importante destino turístico.</p> <p>Unha parte do curso do Sil, nas marxes do canón entre as provincias de Lugo e Ourense, recibe o nome de <b>Ribeira Sacra</b>.          O nome de Ribeira Sacra probablemente ven da Idade Media, e nun principio pensouse que a denominación procedía do latín <i>Rivoira Sacrata</i>, e que podería ter a súa orixe na gran</p>


	<p>cantidade de mosteiros e templos que se construíran nos canóns e escarpadas abas típicas da comarca -San Estevo de Ribas de Sil, Santa Cristina de Ribas de Sil, Santa María de Montederramo, San Paio de Abeleda (ribeira ourensá), Ferreira de Pantón, santuario das Cadeiras (ribeira luguesa)-. Tamén se dí que pode significar “Carballeira Sacra”</p> <p>En toda a zona cultívanse vides en socalcos que se acollen á Denominación de orixe Ribeira Sacra.</p> <p>Toda a zona dispón de numerosos miradoiros sinalizados.</p>
<b>TRADICIÓN-LENDAS</b>	<p>-Hai unha lenda que di que unha das variantes do viño da Ribeira sacra, o Amandi, facíaselle levar ao César desde a Gallaecia romanizada.</p> <p>-Conta a lenda que a fermosa filla dun poderoso nobre de Quiroga gustaba de percorrer os montes dos arredores vestida con roupas vulgares, co obxecto de pasar inadvertida entre as xentes humildes. Nunha tarde de outono atopou un cazador mozo e lanzal, que viña de cazar un corzo coa súa besta. A doncela deuse a coñecer como pertencente ao castelo de Quiroga, mentres que o mancebo fíxoo como vasalo do señor de Osorio, de Castro Caldelas. Namoráronse ao instante e acordaron manter novos e apaixonados encontros nas beiras do Sil. Enterado o pai da rapaza, Don Pedro de Quiroga (que consideraba aos de Castro Caldelas os seus adversarios e indignos de pretenderen a súa filla) prohibiulle a esta que volvera a ver ao mozo cazador. Así e todo, os namorados atoparon axiña o xeito se veren, pois había un pasadizo que comunicaba o castelo de Quiroga cun túnel que pasaba por baixo do Sil e ía ata o castelo de Castro Caldelas. O pai decatouse axiña do que acontecía e considerándoo unha ultraxe decidiu impor un castigo a ámbolos dous mozos.</p> <p>Unha vez que os amantes penetraran dentro do pasadizo para correr un aos brazos do outro, o pai da doncela mandou aos seus homes pechar ámbalas dúas entradas do túnel cun gran número de rochas para que estas dificilmente puidesen ser outra vez abertas. Deste xeito, ficaron, baixo das augas do Sil, os novos amantes para sempre.</p> <p>-Din que nalgúns lugares do río Sil, viven feiticeiras. Atraen aos mozos e sedúcenos coa súa voz. Quedan atrapados polo seu dóce son e afogan e desaparecen no fondo do río para sempre. Para evitar o encantamento hai que cruzar o río cunha pedra na boca. Así os mozos non poden falar e, se gardan silencio, o encantamento non se produce e poden chegar felizmente a outra beira.</p>
<b>CURIOSIDADES</b>	<p>É o río máis caudaloso de Galiza</p> <p><i>“O Sil leva a auga e o Miño a fama”</i></p>
<b>PROBLEMAS</b>	<p>Exceso de aproveitamento hidroeléctrico</p> <p>Especies invasoras: mimosas, cangrexo de río americano, lucio, perca americana, sisón americano, troita arcoiris...</p> <p>Contaminación: minería, residuos agrícolas, industriais e urbáns...</p>

# RÍO SIL

NACIMIENTO: Pena Orniz (La Cueta-León)



## RÍO: BIBEI



### NACEMENTO E FONTES

Fórmase pola unión de varios regos que nacen na confluencia das serras do Eixe, Calva e a Segundeira, a 1.900 m de altura.

### LONXITUDE

97 km

### DESEMBOCADURA

no Sil nas proximidades de Montefurado.

### CONCA

Superficie: 1.561 km<sup>2</sup>.

A cunca do Bibei ocupa terreos dos concellos de Pobra de Sanabria (Zamora); A Veiga, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Manzaneda, O Bolo, Larouco, Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa, San Xoán de Río (Ourense); e Quiroga e Ribas de Sil (Lugo).

### SERRAS MÁIS IMPORTANTES

NORTE: serra do Eixe, Altos do Campanario e Pena Forcada

SUR: serras do Canizo, Seica, Urdiñeira e Entirlos

LESTE: serra Segundeira

OESTE: serras de Correchoso, San Mamede, Burgo e Cabanas

### AFLUENTES DEREITA

Xares (co Mao), San Bernabé, Barranco da Casarola, Rosario, San Martiño, Ricobo, Muíño, Campiña e Sete Nabos.

#### XARES

Nace na vertente galega de Pena Trevinca a 1.900 m de altura e, despois de 47,5 km de percorrido verte no Bibei en Entrambasaugas, na zona do Larouco. Desde o encoro de Prada ata xuntarse co Bibei discorre encaixado. Os seus principais afluentes son o Cando e Corzos (pola esquerda) e o Mao (pola dereita). A superficie da súa cunca é de 311 km<sup>2</sup>.

### AFLUENTES ESQUERDA

Camba, Conso (co Cenza), Cernado, San Miguel, San Lázaro, Cabalar, Fiscaíno e Navea.

#### CAMBA

Nace entre as serras de Fial das Corzas e A Edreira, rodea polo sur o Macizo Central ourensán e xúntase co Bibei en Viana do Bolo. Os afluentes máis destacados son o Ribeira Grande e o Carracedo.

#### CONSO

Nace no Sextil Branco (Serra de Queixa) e xúntase co Bibei no encoro do Bao. O seu principal afluente é o río da Cenza.

#### SAN MIGUEL

Nace en Cabeza de Manzaneda, no circo glaciar de Lamas-Requeixo e as súas cabeceiras son o rego de Cernado ou Prado e o rego de Lamas.

#### SAN LÁZARO

Nace na Serra de Queixa a 1.740 m. Forma case todo o linde entre os concellos de Pobra de Trives e Manzaneda. Xúntase co Bibei nos canóns de Larouco.

#### NAVEA

Nun comezo chamado Queixa, recolle as augas de varios regos que nacen na Serra de Queixa, Montes do Samián e serra de San Mamede que conflúen no encoro de Chandrexa de Queixa. Máis abaixo circula entre as Serra do Burgo e Queixa e xúntase co Bibei nas proximidades da súa desembocadura no Sil, despois de correr polo fondo dun profundo canón.

<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	<p>O curso do Bibei é moi encaixado e cun forte desnivel (1.430 m). Recolle a auga dos antigos vales glaciares da serra do Eixe e Macizo Central.</p> <p>As rochas son moi variadas: gneis “Ollo de Sapo” no curso alto, lousas, cuarcitas, pedra de gran... con numerosas fallas e pregues.</p> <p>O Bibei e os seus afluentes recollen a auga dos antigos vales glaciares da serra do Eixe (cabeceiras do Bibei e do Xares) e do Macizo Central (cabeceiras do Cenza, do rego das Lamas e do Requeixo. Nas súas cabeceiras aparecen lagoas de orixe glaciar: Ocelo, A Serpe, Sextil...</p> <p>CANÓNS: Bibei: na zona de Pradorrarmisquedo, entre o Canizo. Desde Viana do Bolo (a 733 m de altura) ata que se une co Sil (a 290 m) o Bibei forma un canón de 40 km de lonxitude e ata 500 m de profundidade excavado en granitos, xistos e gneis.</p> <p>Xares e Mao, Navea.</p>
<b>CLIMA</b>	Atlántico de montaña no curso alto e mediterráneo no resto.
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvio-nival, con augas altas no inverno e primavera.
<b>CAUDAL</b>	2.127 m <sup>3</sup> /s
<b>FLORA</b>	En toda a cunca do Bibei atópase unha mestura de plantas atlánticas e mediterráneas: aciñeiras, rebolos, sobreiras, acivros, carballos, érbedos, cancereixos ou capudres, loureiros, uces, xestas, codesos, estebas, cantroxos... Nas beiras do río hai salgueiros, freixos, bidueiros, fentos, pé de boi, oucas, eneas, xuncos, carrizos...
<b>FAUNA</b>	No río e as súas beiras podemos atopar lontras, musgaños acuáticos, lavancos, mergullóns, galiñolas, garzas, cobra sapeira, rás, sapos, saramagantas, pintafontes, troitas e gran variedade de insectos.
<b>APROVEITAMENTO</b>	<p>Captación de auga para usos agrícolas, urbáns e produción de enerxía; pesca, lecer...</p> <p>A cunca do Bibei é unha das máis explotadas electricamente con 17 encoros.</p> <p>Bibeí: San Sebastián, Pías, Santo Agostiño, Vao/Ponte Bibei e Montefurado.</p> <p>Xares: Prada e Santalla/Santiago</p> <p>Valdesirgas: Valdesirgas</p> <p>Camba: As Portas</p> <p>Cenza: Soutelo e Castiñeiras</p> <p>Conso: Edradas</p> <p>San Miguel: San Miguel</p> <p>Tatín (San Lázaro): A Mourela</p> <p>Navea: Chandrexa e Guístolas</p> <p>Rabal (Navea): Rabal</p> <p>Nas zonas orientadas ao sol hai socalcos nos que se cultivan vides.</p>
<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	<p>LICs: Pena Trevinca, Macizo Central</p> <p>PARQUE NATURAL; Montes do Invernadeiro</p> <p>PAISAXE PROTEXIDA: val do río Navea</p>
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	<p>As marxes do Bibei e dos seus afluentes foron poboadas e explotadas desde tempos antigos. Hai constancia de explotación de ouro nas médulas de Caldesiños (Bibeí) e no río Xares.</p> <p>A Via Nova ou Vía XVIII, a calzada romana que unía Braga con Astorga atravesaba o Bibei na linde entre os concellos de Trives e Quiroga, onde os romanos construíron a Ponte Bibei.</p> <p>Toda a cunca do Bibei conserva un rico patrimonio arquitectónico histórico (pontes, igrexas, torres, pazos, miliarios romanos...) e etnográfico (muiños, núcleos rurais, socalcos...).</p>
<b>TRADICIÓNS</b>	Entroido de Viana do Bolo, Vilariño de Conso...
<b>CURIOSIDADES</b>	Por toda a zona hai numerosas rutas de sendeirismo e camiños que se poden aproveitar para gozar da natureza, das impresionantes paisaxes e do patrimonio cultural dos distintos lugares.
<b>PROBLEMAS</b>	O exceso de encoros ten totalmente alterado o curso do río e os ecosistemas.

# RÍO BIBEI

NACEMENTO: Confluencia das serras do Eixe, Calva e Segundeira





## RÍO: LADRA




NACEMENTO E FONTES	Fórmase pola confluencia dos ríos trimaz e Madalena que nacen na Serra da Carba
LONXITUDE	57 km (ata as nacentes do Trimaz)
PERCORRIDO	Outeiro de Rei, Begonte, Guitiriz, Friol, Vilalba, Xermade.
DESEMBOCADURA	Río Miño en Santa Sabela (Outeiro de Rei).
CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	SUPERFICIE DA CUNCA: 813 km <sup>2</sup> NORTE: serra da Carba SUR: cordal de Ousá LESTE: montes Amudia, Conventos e Caballosa OESTE: serra da Loba, cordal de Montouto, serra da Cova da Serpe e montes de Corno de Boi
AFLUENTES DEREITA	Labrada, Parga, Portolousado
AFLUENTES ESQUERDA	Fabilas, rego da Veiga
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	Todos os ríos salvan un forte desnivel no curso alto ao baixar das serras e logo discorren mainamente pola Terra Cha formando meandros e veigas.
CLIMA	Atlántico seco temperado
TIPO DE RÉXIME	Pluvial
FLORA	Ao longo do curso dos ríos hai bosques de galería con salgueiros, freixos, amieiras, bidueiros e nas proximidades carballos, castiñeiros...; na auga e nas zonas asolagadas: espadainas, xuncos, buños, esparganios, espigas de auga, lentellas de auga, ambroíño de río, sombreiriño de auga, fento ( <i>Thelypteris palustris</i> ), <i>Myriophyllum</i> , masiega ( <i>Cladium mariscus</i> ), salgueiriño ( <i>Lythrum salicaria</i> ), <i>Galium palustre</i> , trevo de auga ( <i>Menyanthes trifoliata</i> ), <i>Eryngium viviparum</i> , <i>Luronium natans</i> , <i>Narcissus bulbocodium</i> , <i>Narcissus pseudonarcissus nobilis</i> ...frundio ( <i>Myrica gale</i> ). <i>Ceratophyllum demersum</i> , <i>Utricularia australis</i> .
FAUNA	MAMÍFEROS: londra, rata de auga AVES: lavanco real, galiñola negra, galiña de río, somorgullo pequeno, e ocasionalmente parrulo cristado, cerceta real e cegoña branca. No inverno e durante os pasos de primavera e outono pódense ver numerosas especies de patos, garzas e limícolas, martiño peixeiro, merlo rieiro, rascón de auga, fulepas, picaxuncos, escribenta das canaveiras... ANFIBIOS: rá verde, estroza, rá vermella, rá patilonga, sapiño pintocho, sapo común, sapo corriqueiro, sapo comadrón, píntega común, pintafontes común, pintafontes palmado, pintafontes verde... RÉPTIS: cobra viperina e cobra de colar. E unha ampla variedade de invertebrados: libeliñas, cabalos do demos, típulas, efémeras, escaravellos de auga...


APROVEITAMENTO	Regas, subministro para vivendas e industrias, enerxía (muíños), pesca, lecer... Nas proximidades do río Parga (Guitiriz) e do Trimaz (Vilalba) hai surxencias termais aproveitadas en balnearios.
ESPAZOS PROTEXIDOS	RESERVA DA BIOSFERA "Terras do Miño" Unha parte está incluído no LIC "Parga, Ladra, Támoga".
DATOS HISTÓRICOS	É unha área poboada desde tempos moi antigos. Nos arredores do río consérvanse núcleos tradicionais, castelos, igrexas, pontes medievais, muíños, moas...
PROBLEMAS	Alteración do curso do río por construcións e recheos, perda da vexetación de ribeira, contaminación por verquidos urbáns, agrícolas e industriais, presenza de especies invasoras.

## RÍO LADRA

NACEMENTO: serra da Carba



## RÍO: NEIRA



<b>NACEMENTO E FONTES</b>	Nas proximidades de Fontaneira (Baleira).
<b>LONXITUDE</b>	56 km
<b>DESEMBOCADURA</b>	No río Miño, facendo linde entre os concellos de O Páramo e O Corgo.
<b>CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	Superficie: 830 km <sup>2</sup> Triacastela, Sarria, Samos, Baleira, Baralla, Castroverde, Láncara, O Corgo, O Páramo. NORTE: Bloque do Corgo, Serra do Monciro e Serra do Mirador SUR: Serras do Oribio, Edramo e O Páramo LESTE: montes do Cádavo, Serras do Portelo Pena do Pico
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	Trabazas, Val Pedroso, Mazuco, A Pena, Xemil, Guimarei, Rasille, A Cabaleira, A Aspara, O Val, O Novo, Obira e Tórdea
<b>AFLUENTES ESQUERDA</b>	Busto, Turco, O Souto, A pena do Gato, As Veigas, Covo, Toanzos, Couso, Armiela, Regueirales, Cantaral, Castañeiras, Batán, Vigo da Fonte, Conde e Sarria.
<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	No seu curso alto orixina os vales de Neira de Rei e Baralla, nos que se encaixa fortemente, abríndose no val de Xusá. Dende a Pobra de San Xiao ata a súa desembocadura discorre suavemente.
<b>CLIMA</b>	Temperado e seco no curso medio e baixo e húmido no curso alto.
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvial con pequenas achegas de neve.
<b>FLORA</b>	A máis representativa son os bosques de ribeira con salgueiros, freixos, amieiras, bidueiros, carballos... e especies acompañantes: pé de boi, lirios, espadainas, xuncos, buños, esparganios, espigas de auga, lentellas de auga, fentos, salgueiriño ( <i>Lythrum salicaria</i> ), narcisos... Nas súas vertentes consérvanse fragas de carballos, castiñeiros e bidueiros. Nalgunhas zonas hai plantados lamagueiros.
<b>FAUNA</b>	A fauna máis destacada do río é a ligada ao medio acuático, sobre todo peixes (troitas), aves (galiñolas, garzas, lavancos, lavadeiras, merlo acuático...), anfibios (ras, saramagantas, pintafontes...) e insectos.
<b>APROVEITAMENTO</b>	Regos, subministro urbán e industrial, produción de enerxía, pesca, lecer...
<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	Un tramo do río Neira, desde a súa confluencia co Miño ata a Ponte de Neira está incluído no LIC "MIÑO-NEIRA".
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	No vales do Neira e os seus afluentes consérvase un roco patrimonio histórico artístico (igrexas, mosteiros, pontes, castelos...) e etnográfico (muíños, mazos, fontes...).
<b>PROBLEMAS</b>	Alteración do curso do río por minicentraís, perda da vexetación de ribeira, contaminación por verquidos urbáns, agrícolas e industriais.


# RÍO NEIRA

NACEMENTO: FONTANEIRA (serra do Portelo)




DESEMBOCADURA: río Miño (Santo André da Ribeira)

## RÍO: ARNOIA




<b>NACEMENTO E FONTES</b>	Serra de San Mamede na parroquia de Rebordechao (Vilar de Barrio-Ourense).
<b>LONXITUDE</b>	87 km
<b>DESEMBOCADURA</b>	Río Miño, entre Portocarreiro e Quinteiros (Arnoia).
<b>CONCA</b>	Superficie: 923 km <sup>2</sup> Concellos de Vilar de Barrio, Maceda, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Allariz, A Bola, A Merca, Cartelle, Celanova, Vereia, Ramirás, Gomesende e A Arnoia.
<b>SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	NORTE: Meda, As Chairas, Penedos da Moura, A Biduíza, montes de Augas Santas e Taboadela, O Castro (Barbadás), Coto Novelle. SUR: montes da Requeixada, planalto da Veiga da Antela, serra de Monte Calvo, Coto da Fonte Santa, Lombas de Pena da Hedra, serra da Moura LESTE: serra de San Mamede
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	Tioira, Maceda, As Ellas, Gato
<b>AFLUENTES ESQUERDA</b>	Ourille, Tuño
<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	Desde o seu nacemento ata xuntarse co Miño salva un desnivel de 1550 m e encáixase en numerosos tramos. As rochas dominantes son os granitos. Antes de chegar ao concello da Arnoia forma un canón de 7 km de lonxitude onde salva un desnivel de 300 metros, entre penedías e fragas.
<b>CLIMA</b>	Atlántico con influencias mediterráneas
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvial, e nival en pequena proporción.
<b>FLORA</b>	A vexetación da zona é a típica das ribeiras. Ao ser un río de percorrido longo atopamos áreas con características moi variadas. Ao longo do curso do río atopamos bosques de ribeira con salgueiros, amieiras, freixos, avelairas, loureiros, sanguíños, estripas, carballos, cerquiños... e unha gran variedade de fentos, brións e outras plantas de zonas húmidas (xuncos, espadainas, lirios amarelos, espigas de auga, oucas, lentellas de auga, pe de boi...) Nas zonas máis encaixadas mantéñense áreas de bosque autóctono.
<b>FAUNA</b>	No río podemos atopar peixes (troitas), reptis (cobra sapeira, cobra de colar...), anfibios (ras, limpafontes, salamántiga galega...), insectos (gaiteiros, libeliñas, zapateiros, mosquitos, frigáneas, barqueiros...), arañas, caracois de auga... Nas beiras viven aves de ribeira (merlo rieiro, picapeixes, lavandeira) e de bosque (ferreiriños, papuxas...), lesmas, sapos, insectos...
<b>APROVEITAMENTO</b>	Captación de auga para regas, subministro urbán e produción de enerxía; lecer, pesca deportiva... O Arnoia foi intensamente aproveitado para mover todo tipo de mecanismos tradicionais e máis tarde para xerar enerxía eléctrica en minicentraís. En Baños de Molgas hai surxencias termais que se aproveitan no balneario.
<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	RESERVA DA BIOSFERA: Terras de Allariz LIC: Bidueiral de Montederramo, LIC Río Arnoia (pendiente de aprobación): abrangue a case totalidade do curso do río Arnoia desde Calvelo (Baños de Molgas) ata a desembocadura no Miño, un curtos tramos

	nos afluentes Tioira, Meván e Gato, as Brañas de Calvelo, os montes de Requeixo e Casnaloba, o val entre Allariz e Freixo, os cavorcos de Escudeiro e o val do río e afluentes na Arnoia.
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	As beiras do Arnoia foron poboadas desde tempos moi antigos, Por Baños de Molgas pasaba unha vía romana. Ao longo do curso consérvase un rico patrimonio artístico e etnográfico: pontes, muíños, curtidurías, igrexas...
<b>TRADICIÓN-LENDAS</b>	Lenda da troita raíña: no pozo "Isabel" en Grixó, no río Arnoia hai unha troita raíña. As troitas e os salmóns eran considerados en Galicia animais máxicos, peixes de sabedoría e sagros, pois vivían nas augas limpas, coñecían os ciclos e percorridos dos ríos, remontando fervezas, salvando remuíños e correntes.
<b>CURIOSIDADES</b>	É o río máis longo e a cunca máis extensa da provincia de Ourense
<b>PROBLEMAS</b>	Contaminación por residuos urbáns, industriais e agrícolas. Alteración do curso e dos ecosistemas por centrais eléctricas. Presenza de especies exóticas



## RÍO: AVIA



<b>NACEMENTO E FONTES</b>	Nace en Fonte Avia, na serra do Suído (Abelenda-Avión-Ourense).
<b>LONXITUDE</b>	36,7 Km
<b>PERCORRIDO</b>	Aviión, Beade, Boborás, O Carballiño, Cenlle, Leiro e Ribadavia.
<b>DESEMBOCADURA</b>	Río Miño (Ribadavia)
<b>CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	Superficie: 643 km <sup>2</sup> NORTE: Serras da Martiñá, Faro, Testeiro LESTE: San Cibrao, Santa Bárbara, Campo de Cerves OESTE: Serras do Cando, Suído, Faro de Aviión,
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	Valdeiras, Faxón, Caldelas
<b>AFLUENTES ESQUERDA</b>	Cardelle, Couso, Viñao e Arenteiro O río <b>Arenteiro</b> nace na serra da Martiñá e xúntase co Avia en Pazos de Arenteiro.
<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	O Avia salva un desnivel de 800 m desde o nacemento á desembocadura. No curso alto ten fortes pendentes e encáixase en profundos canóns. Na maioría dos seus afluentes hai numerosas fervenzas. As rochas máis comúns son os granitos.
<b>CLIMA</b>	Atlántico, con veráns secos.
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvial, con augas altas no inverno e fortes secas no verán.
<b>CAUDAL</b>	Moi irregular, debido ao encoro de Albarelos, situado no curso alto.
<b>FLORA</b>	Na beira do río consérvanse bosques de ribeira con amieiras, salgueiros, freixos, sabugueiros, bidueiros (nas zonas máis altas), avelairas, sanguíños e carballos. No sotobosque silvas, hedras, herba salgueira, salgueiriño, amenta de auga, amarelle... Nas augas e nas beiras hai <i>Myriophyllum</i> , oucas, espigas de auga, herba das ras (nas partes remansadas), bricios, eneas, carrizos, violetas, espadainas...
<b>FAUNA</b>	As aves máis representativas son o merlo rieiro, o picapeixes, as lavandeiras... Abondan os réptis (cobra sapeira, cobra de collar), os anfibios (ra patilonga, verde e vermella, estroza, saramaganta, limpafontes,...) e os insectos (patinadores, libeliñas, gaiteiros, escarabellos de auga, colémbolos, escarabellos muiñeiros, tabáns, efémeras, perlas...) Entre os mamíferos destaca a lontra. Acolle algunhas especies pouco comúns como a libeliña <i>Macromia Splendens</i> .
<b>APROVEITAMENTO</b>	Captación de auga para regas, subministro urbán e produción de enerxía; lecer, pesca deportiva... Nas proximidades do Arenteiro (O Carballiño) hai fontes de augas termais e medicinais aproveitadas en balnearios. No curso baixo cultívanse vides acollidas á Denominación de Orixe "O Ribeiro".
<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	LIC SERRA DO SUÍDO (pendiente de aprobación): nas cabeceiras do Avia. MONUMENTO NATURAL: Pena Corneira Pozas de San Cristovo. Un espazo natural creado a partir de pozos de extracción de áridos que se converteron en lagoas cunha gran riqueza de plantas e aves acuáticas.
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	O val do Avia está poboado desde tempos moi antigos. Nas súas beiras consérvase un rico patrimonio artístico e etnográfico: pontes, muíños, núcleos tradicionais, igrexas, mosteiros...


**PROBLEMAS**

Contaminación por residuos urbáns, industriais e agrícolas.  
Alteración do curso e dos ecosistemas por centrais eléctricas. O curso do río queda case seco.  
Presenza de especies exóticas





## RÍO: TEA



<b>NACEMENTO E FONTES</b>	Fórmase pola unión de varios regos que nacen na confluencia das serras do Suído e Faro de Avión.
<b>LONXITUDE</b>	50 km
<b>PERCORRIDO</b>	Concellos: O Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pazos de Borbén, Ponteareas, Salvaterra de Miño.
<b>DESEMBOCADURA</b>	Río Miño, nas proximidades de Salvaterra do Miño.
<b>CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	Superficie: 411 km <sup>2</sup> NORTE: Serra do Suído, Coto Eiras LESTE: Faro de Avión, montes de Covelo, Serra da Paradanta, San Nomedio OESTE: Galleiro, San Cibrán
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	Portiño Oscuro, Pequeno, Fofe, Caraño, Aboal, Terreiros, Padróns, Cillarga, Xinzo, Alén e Borbén
<b>AFLUENTES ESQUERDA</b>	Ponte Pardellas, Bo, San Breixo, Lougariños, Refuxio, Xabriña e Uma
<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	No curso alto salva fortes desniveis e forma canóns encaixados. Nos seus afluentes abundan as fervezas e os rápidos. As rochas dominantes son os granitos.
<b>CLIMA</b>	Atlántico (cálido e húmido)
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvial, con augas altas no inverno.
<b>CAUDAL</b>	17,5 m <sup>3</sup> /s
<b>FLORA</b>	Nos bosques de ribeira dominan as amieiras e os salgueiros. Tamén se atopan freixos, sabugueiros, bidueiros (nas zonas máis altas) avelairas, sanguíños e carballos. No sotobosque valdeba, saltasebes, silvas, hedra, herba salgueira, salgueiriño, amenta de auga, amarelle... Nas augas e nas beiras hai <i>Myriophyllum</i> , oucas, espigas de auga, herba das ras (nas partes remansadas), briosos, eneas, carrizos, violetas, espadainas, trevo de auga, adelfiñas, herba pulgueira... No Tea atópanse varias especies de fentos pouco comúns como o <i>Dryopteris guanchica</i> , e o <i>Dryopteris affinis</i> .
<b>FAUNA</b>	As augas do Tea son ricas en troitas, lampreas, anguías... As aves máis representativas son o merlo rieiro, o picapeixes, as lavandeiras... Abundan os réptis (cobra sapeira, cobra de colar), os anfios (ra patilonga, verde e vermella, estroza, saramaganta, limpafontes,...) e os insectos (patinadores, libeliñas, gaiteiros, escarabellos de auga, colémbolos, escarabellos muiñeiros, tabáns, efémeras, perlas...) Entre os mamíferos destaca a lontra e a rata de auga. Acolle algunhas especies pouco comúns como o mexillón de río ( <i>Margaritifera margaritifera</i> ), as libeliñas <i>Macromia splendens</i> , tizón esmeralda ( <i>Oxygastra curtisii</i> ) e candil de Graslin ( <i>Gomphus graslinii</i> ).

<b>APROVEITAMENTO</b>	<p>O río percorre zonas moi poboadas e foi amplamente explotado deste tempos antigos para a pesca (lamprea, troita...), para obter enerxía hidráulica (muíños, serrerías, pequenas centrais eléctricas) e como lugar de lecer.</p> <p>En Mondariz-Balneario hai fontes de augas medicinais.</p>
<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	<p>LIC RÍO TEA: A zona protexida comprende 97 ha nos Concellos de Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas e Salvaterra de Miño.</p> <p>O espazo é importante pola excelente conservación da vexetación de ribeira e pola riqueza piscícola das súas augas.</p> <p>LIC Serra do Suído (pendiente de aprobación): inclúe unha pequena parte das nacentes do Tea.</p>
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	<p>Toda a área foi poboada desde tempos moi antigos do que dan testemuña os castros. No entorno do río consérvase un rico patrimonio: castros, pontes, muíños, igrexas, edificios civís...</p>
<b>TRADICIÓN-LENDAS</b>	<p>A lenda conta que a <b>ponte da Partidas</b> foi construída nunha soa noite polos mouros. O nome da ponte ten varias orixes lendarias. Unha disque unha banda de ladróns reuníase na ponte despois de roubar para facer as partidas do botín. Tamén falan de cabaleiros que acostumaban reunirse alí antes de partir nas súas loitas. Outra conta coma sete irmáns (Asunción, Lucía, María, Marta, Amaro, Brais e Cibrán) xuntábanse alí antes de partir a predicar o evanxeo, e foi tanta a súa angueira de predicación que, despois de finaren, medraron sobre os seus corpos sete outeiros que arroteaban a ponte. En todos estes montes erguéronse capelas na súa honra,</p> <p>Coma moitas outras pontes de Galiza, na Ponte das Partidas celebrábanse os bautizos prenatais, procurando a protección das forzas sobrenaturais. Cando unha muller quedaba preñada acudía á medianoite á ponte e alí agardaba o primeiro camiñante que a cruzase convidándoo a botar auga do río sobre o seu ventre e a ser o padriño do meniño. Despois facían un pequeno xantar e botaban ao río os refugallos da comida.</p>
<b>PROBLEMAS</b>	<p>Contaminación por residuos urbáns, industriais e agrícolas.</p> <p>Alteración do curso e dos ecosistemas por centrais eléctricas.</p> <p>Presenza de especies exóticas</p>

# RÍO TEA

NACEMENTO: confluencia das serras do Suído e Faro de Avión.

